



**TEXTO DE RAMÓN CARIDE, LIDO NA
PRESENTACIÓN DOS SEUS LIBROS
A NEGRURA DO MAR - DEDRE, NO CASTELO
DE MACEDA, O DÍA 4-II-2005**

Boas noites, quixera, antes de nada, agradecer de corazón, co corazón que na tradición occidental sempre foi o soporte das emocións máis fondas como a que me embarga esta noite, e que tan ben retratou o amigo José Luíz Oubiña na portada de DEDRE, a vosa presenza amiga e xenerosa neste acto.

Para min esta non é unha presentación máis, porque é a primeira presentación dos meus libros, no intre da súa aparición en Maceda; e Maceda para todos nós é algo moi especial. Se me permitides, pois, facer un pequeno exercicio de nostalxia, lembrarei que cando cheguei a Maceda por vez primeira hai vintasete anos -daquela non imaxinaba publicar libros algún día e moito menos presentalos aquí- este castelo era e foi aínda moitos anos un lugar tan fermoso como arrasado polo abandono, comesto polas hedras e o tempo, iso si, co encanto do seu emprazamento privilexiado e o atractivo tan romántico das cousas decadentes que foron e xa non son. Non obstante, e por sorte, as cousas, mal que ben, melloraron e hoxe quero renunciar á nostalxia para celebrar a nosa reunión aquí. Quero unir-me a todos vós hoxe con esta pequena aportación á revitalización deste espazo ateigado de historia e de significados que é o castelo de Maceda que todos compartimos como quixera que compartísemos estes dous libros que foron meus e que agora son de todos vós.

A elección deste lugar non responde, certamente, aos meus limitados merecementos, que Maceda ten autores abondo, algúns deles presentes neste acto, e aos que non citarei en parte por razóns de tempo, e tamén por

mor de non incurrir en omisións imperdonábeis, senon antes ben, a un sentimento persoal, a sentirme en débeda con Maceda, e querer satisfacela, sequera sexa nunha mínima medida, aportando algo na xeira de revitalización cultural deste espazo que emprenderon o Concello de Maceda e a empresa do Hotel Monumento Castelo de Maceda, quenes acolleron esta proposta con entusiasmo e aos que é de xustiza agradecer de xeito explícito a súa colaboración necesaria e imprescindible para a realización deste acto. Ao cabo, se un foi presentar libros a lugares tan distantes como Aveiro ou Sevilla, ¿por qué non facelo en Maceda, lugar moito máis achegado e esencial para nós?

Nestes dous libros, en concreto, en DEDRE e A NEGRURA DO MAR, puxemos, non só eu, senón todos os que colaboraron na súa feitura, personificados aquí por Manuel Bragado, moito esforzo e moitos soños, e como o espazo que hoxe os acolle, tamén son libros para un moi especiais, se cadra a culminación de dous proxectos moi queridos que forman parte de dous ciclos ben caracterizados na miña obra narrativa. Ciclos e libros, por outra parte, ben distintos e que, se hoxe se presentan xuntos, é pola coincidencia na súa saída editorial e non menos porque non quixera abusar da vosa paciencia ao convidarvos a dous actos consecutivos.

Do contido estricto dos libros non podería falar eu, aínda que quixera, máis nin mellor do que os meus amigos Santiago Prol e Xerardo Méndez, que me precederon hoxe na palabra e que me honran hai anos coa súa complicidade, o fixeron; só reiterarlles as grazas pola intensidade das súas lecturas tanto como a da súa amizade.

Direi só que A NEGRURA DO MAR é a miña mínima aportación á memoria desa traxedia que foi a desfeita ecolóxica do *Prestige* e á da súa exemplar resposta cidadá, memoria non por ficcionalizada menos sinceira nin menos sentida. Se a miña serie das aventuras de Sheila e Said comezou en PERIGO

VEXETAL, vai para dez anos, coa distancia do futuro nas súas tramas, veu aterrarr finalmente ao presente noso, a actualidade rabiosa e ferida polo chapapote negro que nos batuxaba na cara nas rúas de Muxía, unha mañá escura de Novembro do ano 2002, que nunca esquecerei; ou nos berros de *Nunca Máis*, uns días mais tarde na praza do Obradoiro. Como moitos outros escritores souben, neses días, que tiña que contar esas sensacións quentes e abraiantes, esas imaxes como a da Miguelanxo Prado na portada de *A NEGRURA DO MAR* nas que todos nos recoñecemos, para os que viñesen detrás. E tal fixen, ou alomenos intenteino; fixeno con máis ou menos acerto, que xulgar o acerto non me corresponde, pero asegúrovos que con toda a miña vontade.

En canto a DEDRE preguntanme é por qué ese título? Podería dar moitas razóns lóxicas, pero se cadra a escolla é puramente irracional. Dedre, que un saiba, e un micro-topónimo das terras de Cobas, en Cea, un lugar esquencido, un nome a piques de esvaecer no esquencemento, mais non por iso menos válido para asentar calquera dos relatos como os que se acubillan baixo o seu epígrafe. Confeserei que, vai para cinco anos lle propuxen a Manuel Bragado, aquí presente, un proxecto insólito, rescatar unha década de relatos meus, facendo novas edicións. Semellante empresa, nas antípodas de calquera plantexamento comercial, pois todos os que nos movemos neste ámbito sabemos da infinidade de prexuízos que padece o relato breve fronte á novela, foi moi ben acollido por Xerais, cousa tan meritoria como infrecuente noutras editoras, e pola que teño que estarlle unha vez máis, recoñecido a Edicións Xerais de Galicia. Hoxe DEDRE, coas anteriores entregas *NEGROS ESPELLOS* e *ESCÁNER* completa unha escolla de trinta relatos, algúns rescatados de edicións descatalogadas ou reescritos de novo, moitos novos, e todos revisados e actualizados.

A miña tarefa, como autor, remata ao entregar hoxe os libros aos seus lectores. Terminarei, se me permitides, con dúas breves citas de obras alleas, como lector que tamén son. DEDRE organízase en dous apartados chamados CRP e CRI, que son recordatorios do filósofo alemán Kant, de quen o ano pasado se cumpriron dous séculos do seu pasamento, a cita di así: "A lixeira pomba que, ao voar libremente, sente a resistencia do aire, podería imaxinar que nun espacio sen aire voaría mellor"; con estas palabras, Kant critica a vana pretensión da razón humana de sobrepasar os seus propios límites. Do mesmo xeito que a pomba non dá-voado no baleiro tamén a nosa razón precisa dos datos da experiencia, é e que ten isto que ver cos relatos de DEDRE,

Diredes. Nada, e moito, estes relatos mesturan, como a vida de calquera de nós, o riso cos choros, o humor coa negrura, o criminal co ridículo; pero, finalmente, tampouco as palabras dun conto son outra cousa máis que un medio para voar, aire para que as alas da imaxinación de cada lector ou lectora se remonten no seu soporte e os leven por outros territorios distintos aos da experiencia cotiá. E xa que falamos de aniversarios e remato, agora si, como en DEDRE hai tamén moito cine, non estará de máis lembrar outro aniversario, neste ano 2005 cúmprense dez anos da morte de Chano Piñeiro, que nos fixo soñar tamén cun cine feito por nós e para nós, coa súa película SEMPRE XONXA, entre outras. Permitide, pois, que un remate soñando outra película titulada SEMPRE MACEDA, e que todos e todas a vexamos. Moitas gracias.

Ramón Caride Ogando

Maceda, 4-II-2005